

CARBALLO **A UN PASO**

COSTA DA MORTE



GUÍA DA COSTA



FEADER
Europa inviste no rural

FEADER



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN
Y MEDIO AMBIENTE



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

galicia



agader
AXENCIA GALEGA DE
DESENVOLVEMENTO RURAL

A pair of hands is cupped together, pouring water into a body of water. The water is captured in mid-air, creating a dynamic splash. The background is a soft, out-of-focus greyish-blue. On the left side of the image, there is a decorative graphic consisting of several overlapping shapes in shades of orange and yellow, including a semi-circle at the top left and various rectangular blocks below it.

CRÉDITOS

Edita: Concello de Carballo

Textos: Belén Puñal

Fotografía: Distrito Xermar,
Oti Fernández, Eduardo Martínez

Deseño: Item-Aga

D.L.: C 1069-2013

UNHA COSTA POR DESCUBRIR

É un dos segredos mellor gardados do noso concello. Achégate e descóbree. Atoparaste cun dos areas máis extensos de Galicia. Gozarás da natureza en plena Rede Natura. Encheraste da enerxía do mar en Razo, onde o sol morre tralas illas Sisargas. Acougarás xunto á lagoa de Baldaio, espazo húmido único e todo un paraíso para a observación das aves, algunhas únicas en Galicia. Non hai palabras nin imaxes que sexan quen de abranguelo. Mira, escoita, atende, cheira o mar, alí onde Carballo estende as súas raíces cara ao océano.

O MAR

O NOSO SEGREDO
MELLOR GARDADO





RAZO

VIVE O ATLÁNTICO



UN MAR ABERTO DE POSIBILIDADES

É o areal máis concorrido e dinámico da zona. Esta extensa praia ofrece sol, baño, deporte e ocio, así como todos os servizos que poidas necesitar. Unha desas praias que non se esquecen porque desprende o recendo e a enerxía do mar aberto ao Atlántico. De douradas areas e conmovedores solpores, é, xunto con Baldaio, un importante espazo protexido pola súa riqueza natural e paisaxística.





INMENSA E DIVERSA

O areal que vai de Razo a Baldaio é un dos máis extensos de Galicia. Razo é unha praia dinámica e acolledora. Nela hai lugar para todo o mundo. Para quen procure aventura e deporte, pois atopará aquí un bo espazo para a práctica do surf, o volley praia, o mergullo ou o parapente. Para as familias, que contan cunha praia dotada de todos os servizos, distinguida con bandeira azul. Mesmo quen busque intimidade poderá encontrala nos tres quilómetros de dunas que a unen con Baldaio.



PIONEIRA DO SURF

Razo conta con escolas pioneiras na organización de surf camps. Ofrecen cursos para todas as idades, así como un abano amplo de actividades complementarias e a oportunidade de practicar outros deportes. Entre os meses de abril e setembro, as mareas que veñen do Atlántico descargan con forza nestas costas, facéndoa idóneas para cabalgar as ondas. Mozas e mozos de moi diversas procedencias achéganse todos os anos ao noso litoral para formarse neste deporte.



PRAIA FÓSIL

Razo agocha un interesante fenómeno xeolóxico. Fíxate nos seus acantilados. Non son de rocha, senón de area e cantos, cunha fina capa superior cuberta de area e vexetación. Son os restos dunha praia milenaria, da era cuaternaria, cando, debido ao desxeo dos cascos polares, o nivel do mar era ben máis alto do actual... En Razo comeza un dos fenómenos xeolóxicos máis importantes de Galicia, a Depresión Meridiana, fondeira que atravesa o país de norte a sur, até chegar a Tui.



BALDAIO

RESPIRA, OLLA, ACOUGA



O ATRACTIVO DO NATURAL

É un dos espazos naturais de maior valor ecolóxico de Galicia. Está en Rede Natura e foi recoñecido pola Unión Europea como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais e Zona de Especial Protección para as aves. Centos de paxariños teñen aquí parada e fonda. O lugar é idóneo para a observación ornitolóxica.

Baldaio é mar, lagoa, marisma e praia. En tempos remotos, un brazo de area pechou o que até entón era unha enseada e deu lugar a un fértil espazo natural onde conflúe o mar coa auga dos ríos da contorna. Un cordón de máis de tres quilómetros de dunas (algunha delas de até 20 metros) une Baldaio coa praia de Razo.





AVES ÚNICAS EN GALICIA

O rico ecosistema de Baldaio é un paraíso para as aves. Aquí viven, hibernan ou fan unha parada no seu camiño cara a terras máis lonxanas e cálidas. Algunhas son especies únicas en Galicia ou teñen en Baldaio un dos seus escasos hábitats na comunidade. Tal é o caso da escribenta das neves ou da píllara papuda. Poderás espialas con disimulo dende o punto de observación que hai á entrada da lagoa ou sumarte aos roteiros ornitolóxicos.



UNHA HISTORIA DE LOITA

Durante catro décadas, Baldaio foi explotado por empresas privadas para a extracción de area. Tras a longa batalla librada polos veciños e veciñas da zona, o Tribunal Supremo devolveu a lagoa para o uso público na década dos noventa. Nos últimos anos levouse a cabo un importante traballo de recuperación ambiental para intentar devolvelle ao espazo a súa aparenza orixinal.



OCIO, DEPORTE E NATUREZA

Golf, paintball, rutas a cabalo ou roteiros ornitolóxicos son algunhas das actividades das que poderás gozar. Se tes afección pola pesca submarina, aconsellámosche navegar até os baixos de Baldaio onde, di a lenda, hai unha cidade asolagada. As persoas que coñecen máis a fondo Baldaio son sen dúbida as súas mariscadoras. Levan anos extraendo da marisma os seus tesouros, entre eles, o coñecido berberecho de Baldaio, así como mexillón, ameixa, longueirón ou ostra.




A RUTA DAS PRAIAS

CAMIÑA SEN CANCELAS



CO SALITRE NOS PÉS

O tramo de litoral que vai dende Razo até Baldaio é un dos areais máis extensos de toda Galicia. Percorrelo á beiriña do mar, coas ondas acariñando os pés e o salitre na pel, é un pracer. A pé ou en bicicleta, esta é a mellor maneira que terás de coñecer os segredos deste espazo natural: sobre o propio terreo.





A PÉ

A RUTA DAS PRAIAS

A ruta comeza xunto á capela de Santa Mariña, na parroquia de Razo. Se te desvías un chisco, atoparás un miradoiro natural dende o que, con día despexado, poderas ver dende Malpica até Punta Langosteira e mesmo alén. Até 50 km de vistas!

Entre Santa Mariña e Razo, o terreo vira rochoso e con cantís. Neste tramo de litoral encóntrase o agreste saínte que se coñece como a Punta do Chan de Razo. Nunha pequena enseada atoparás o porto da zona. Un pouco máis e xa estarás chegando ao areal de Razo. Podes aproveitar para botarlle un ollo á milenaria praia fósil!

Seguimos por paraxes máis tranquilas e solitarias, á beira das dúas franxas de dunas que decorren paralelas ao mar até chegar á lagoa de Baldaio. Dunha pequena cala pegada ao areal da Pedra do Sal, sae un estreito carreiro. Se te adentras, encontrarás unha sucesión de pequenas calas que desaparecen coa marea alta, até chegar finalmente ás praias de Leira e Arnela, preto xa do porto pesqueiro de Caión.



EN BICI

A COSTA DE CARBALLO

Son ao redor de 40 kilómetros con principio e fin na vila de Carballo. O percorrido comeza no tramo de carril bici no inicio da estrada que vai a Razo. Dende esta parroquia costeira, has proseguir a ruta cara a Baldaio. Fai parada en Castrillon e goza da ampla panorámica do espazo natural Razo-Baldaio que poderás obter á beira da capela de Santa Irene, construída nun antigo castro. Impresionantes son as postais do mar que saen ao paso rumbo a Leira. Recomendable prolongar a ruta até o antigo porto baleeiro de Caión.

A RUTA DOS PINOS NO MAR

Irás dende Razo até Malpica por camiños entre o monte dende os que se respira e escoita o mar. Se tes tempo, pasa antes polo Monte Neme, cunha impresionante panorámica dos concellos de Malpica e Carballo. Repara no verde esmeralda das lagoas que se conformaron nesta zona de extracción mineira, primeiro de wolframio, logo de area. Na II Guerra Mundial, o wolframio era exportado ao exército alemán. Os testemuños dan conta, ademais, dun crómlech xa desaparecido onde din que as bruxas se reunían na noite de San Xoán.

ALOXAMENTOS

Núcleo urbano

Balneario de Carballo - Hotel **

Estrela, 10 - Carballo
Tfno. 981 703 354
info@balnariodecarballo.com
www.balnariodecarballo.com

Moncarsol - Hotel **

Avda. de Fisterra, 9 - Carballo
Tfno. 981 702 411 / 90
hotelmoncarsol@hotelmoncarsol.com
www.hotelmoncarsol.com

Rama - Hostal **

Avda. de Fisterra, 17 - Carballo
Tfnos. 981 702 056 - 609 002 924

Río Sil - Hostal **

Río Sil, 43 - Carballo
Tfno. 981 700 478
info@hostalriosil.com
www.hostalriosil.com

Fora do núcleo urbano

Punta del Este - Hotel ***

Avda. de Malpica, 125 - Carballo
Tfno. 981 704 280
reservas@hotelpuntadeleste.com
www.hotel-puntadeleste.com

Hotel Spa Talaso Mar de Queo 2

Queo de Abaixo, 46 - Bértoa
Tfno. 981 757 361
mardequeo@mardequeo.com
www.mardequeo.com

A Revolta - Pensión **

Avda. da Revolta, 98 - Carballo
Tfno. 981 757 535
info@pensionarevolta.es
www.pensionarevolta.es

Casa de Entremuros (Turismo rural)

Cances Grande, 77 - Cances
Tfno. 981 757 099
info@casaentremuros.com
www.casaentremuros.com

Casa Mar de Queo (Turismo rural)

Queo de Abaixo, 46 - Bértoa
Tfno. 981 757 361
mardequeo@mardequeo.com
www.mardequeo.com

Pazo do Souto (Turismo rural)

Torre, 1 - Sísamo
Tfno. 981 756 065
reservas@pazodosouto.com
www.pazodosouto.com

As Maroas (Turismo rural)

A Piña - Sofán
Tfno. 696 735 703
info@asmaroas.com
www.asmaroas.com

As Névedas (Cámping 3ª)

Estrada Carballo - Caión, km 8,5
Rapadoiro
Tfno. 981 739 552
info@asnevedas.com
www.asnevedas.com

Baldaio (Cámping 2ª)

Rebordelos, 314
Tfno. 981 739 529
campingbaldayo@yahoo.es

Os Delfins (Cámping 2ª)

Pedra do Sal - Baldaio
Tfno. 981 739 696
www.osdelfins.com

Apartamentos turísticos San Breixo

Estrada Praia de Razo, km. 3 - Oza
Tfno. 981 703 605 - 685 803 947
casasanbreixo@yahoo.es

Os Delfins - Pensión

Pedra do Sal - Baldaio
Tfno. 981 739 696
www.osdelfins.com

OCIO ACTIVO

Art Surf Camp

(Campamento-escola de surf)
Praia de Razo
Tfnos. 638 123 495 - 638 123 496
616 605 787
info@artsurfcamp.com
www.artsurfcamp.com

Raz Surf Camp

(Campamento-escola de surf)
Praia de Razo
Tfno. 981 752 408
659 381 300 - 618 223 665
info@razsurfcamp.com
www.razsurfcamp.com

Surf and Rock

(Tenda e escola de surf)
Praia de Razo
Tfno. 981 701 211 - 674 900 479
surfandrock@gmail.com
www.surfandrock.com

Golpe Golf (Instalación deportiva)

Golf, paintball, multiaventura, sendeiro ornitológico
San Miguel de Vilela - Baldaio
Tfno. 981 739 699
info@golpegolf.com
www.golpegolf.com

Yeguada Laurel (Rutas a caballo)

Estrada de Razo
Tfno. 981 755 340 - 606 420 307
629 203 229
www.centroecuestrelaurel.es

Buceo Carballo

(Cursos e actividades de mergullo)
Vázquez de Parga, 75 B
Tfno. 981 754 533

Asociación Senda Nova

(Sendeirismo e actividades ambientais)
Tfno. 696 155 232
sendanova@hotmail.com
www.sendanova.org

Asociación Mariscadoras

Fonte Santa Helena
(Rutas guiadas pola lagoa de Baldaio)
Tfno. 981 739 676

TERMALISMO

Balneario de Carballo - Hotel **


Estrela, 10 - Carballo
Tfno. 981 703 354
info@balnariodecarballo.com
www.balnariodecarballo.com

SPA

Hotel Spa Talaso Mar de Queo 2

Queo de Abaixo, 46 - Bértoa
Tfno. 981 757 361
mardequeo@mardequeo.com
www.mardequeo.com






Baixos de Baldaio

OCÉANO ATLÁNTICO





CONCELLO DE CARBALLO
Praza do Concello, s/n
CP 15100 - Carballo
T: 981 704 100
F: 981 702 858